

PLAN DE ORDENACIÓN E ACCESIBILIDADE DOS BENS DE INTERESE CULTURAL E TURÍSTICO DO XURÉS

MEMORIA FINAL DO PROXECTO



OUTUBRO, 2018

RESOLUCIÓN do 4 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a convocatoria para o ano 2018.

1. ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

Preséntanse os traballos correspondentes ó proxecto “Plan de ordenación e accesibilidade dos bens de interese cultural e turístico do Xurés”.

Coa publicación da “Resolución de data 4 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a convocatoria para o ano 2018 (TU501B)(DOG Núm. 14 do 19 de xaneiro de 2018”, o concello de Lobios en representación da agrupación Lobios, Bande, Muíños e Lobeira, presenta esta memoria que resume os traballos realizados.

2. INSTALACIÓN REALIZADA: PLANOS DE UBICACIÓN

Preséntanse fotos dos traballos de instalación da sinalización, realizados antes, durante e despois da obra. Tamén se achegan os planos da zona coa ubicación dos elementos de sinalización, así como unha foto do cartel de obra

1. PLANOS DE UBICACIÓN

- Mapa simplificado da ruta coa lenda de cada punto de interese
- Plano xeral de ubicación dos paneis
- Plano detallado de ubicación dos paneis en cada punto de interese

2. IMAXES DA INSTALACIÓN E RESULTADO DA OBRA

- Fotos da ubicación dos paneis antes da instalación
- Fotos da instalación de tres paneis: A Cela, Casola do Foxo e Complexo Turístico do Corgo
- Fotos dos paneis instalados en cada punto de interese

3. CONCLUSIÓN

Con data 10 de outubro, o Concello de Lobios notificoulle a Noelia Rodríguez a adxudicación do contrato menor de obras para a realización da actuación: “Plan de ordenación e accesibilidade dos bens de interese cultural e turístico do Xurés”, mediante a Resolución de Alcaldía núm. 2018-0483.

A través das subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural, os concellos de Lobios, Bande, Lobeira e Muíños realizaron unha agrupación de concellos co obxectivo de crear unha nova Ruta turística que poña en valor o patrimonio cultural e histórico da zona, ofrecendo ós visitantes unha alternativa aos produtos de turismo de natureza que ademais, se poida comercializar ó longo de todo o ano. As actuacións deste proxecto teñen como obxectivo:

- Mellora da sinalización de bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia, regulados na Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia e de bens turísticos relevantes

- Facilitar o acceso das persoas con algún tipo de discapacidade sensorial ós bens integrantes do patrimonio cultural e turístico da zona, mediante a creación e adaptación de contidos na aplicación de promoción turística Destino Xurés
- Instalación de paneis interpretativos incorporando contidos accesibles e adaptados ás novas tecnoloxías
- Creación dun novo itinerario turístico interactivo que poña en valor a riqueza histórica, cultural e patrimonial do Xurés

O resultado deste proxecto é unha Ruta Turística e Cultural interactiva e accesible, aloxada na rede a través da aplicación móbil Destino Xurés, que vincula e pon en valor os principais bens de Interese cultural e elementos turísticos da zona. Esta ruta permítelle ó visitante acceder a información sobre estes puntos de interese dende a rede, dotándoos de novos contidos interactivos e accesibles: vídeos con realidade aumentada, contidos sonoros e imaxes 360ª. Os visitantes poderán acceder a estes novos contidos interactivos por medio do seu dispositivo móbil, dende a casa ou a través dos paneis interpretativos instalados en cada punto de interese, así como planificar a súa ruta por medio da xeolocalización, sen necesidade de desprazarse fisicamente a un posto de información turística.

Este proxecto contribúe á promoción e difusión do Xurés como un destino intelixente e accesible, creando e difundindo campañas de promoción da nova ruta a través de plataformas de internet e redes sociais para chegar a un maior número de turistas, tanto nacionais como estranxeiros.

Esta promoción, tamén se realizará a través de folletos promocionais, traducidos en tres idiomas, a través dos cais o visitante tamén poderá acceder aos contidos interactivos de Realidade Aumentada dende a súa casa.

ANEXOS

Inclúense nesta memoria os seguintes anexos:

Anexo 1: Fotografía da placa permanente na que figura o financiamento do proxecto subvencionado pola Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia

Anexo 2: Informe arqueolóxico favorable, emitido polo Servizo de Coordinación da Area Cultural da Xunta de Galicia (Delegación Territorial de Ourense)

Asdo.: Noelia Rodríguez Álvarez
Consultora en Innovación e Turismo


En Lobios, a 15 de outubro de 2018

PLANOS DA RUTA

1. Mapa simplificado da ruta coa lenda de cada Punto de Interese


PUNTOS DE INTERESE DA RUTA

- | | | |
|----|---|--|
| 1 | Aquis Originis | |
| 2 | Baños de Riocaldo | |
| 3 | Ermida Virxe do Xurés | |
| 4 | Concello de Lobios Porta do Parque | |
| 5 | A Cela | |
| 6 | Casola do Foxo | |
| 7 | Complexo turístico O Corgo | |
| 8 | Aquis Querquennis | |
| 9 | Igrexa Visigótica de Santa Comba de Bande | |
| 10 | Santuario do Viso | |
| 11 | Mámoa Cabezo da Meda (Inicio da ruta) | |
| 12 | Mámoa Cabezo da Meda | |
-
- | | | | | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |



2. Plano xeral de ubicación dos paneis


Plano xeral de ubicación dos paneis. Escala 1/25000



Concello de Lobeira: A Fraga (Mámoa)



Concello de Lobeira: O Viso



Concello de Lobios: A Cella



Concello de Lobios: Baños de Río Caldo



Concello de Bande: Aquis Querquernis



Concello de Bande: Santa Comba



Concello de Muíños: Casola do Foxo



Concello de Muíños: O Corgo

3. Plano detallado da ubicación dos paneis en cada punto de interese

Plano 1. A Fraga, Concello de Lobeira



Plano 2. O Viso, Concello de Lobeira



Plano 3. A Cella, Concello de Lobios




Plano 4. Os Baños, Concello de Lobios



Plano 5. Aquis Querquernis, Concello de Bande




Plano 6. Santa Comba, Concello de Bande



Plano 7. Casola do Foxo, Concello de Muíños



Plano 8. O Corgo, Concello de Muíños



IMAXES DA INSTALACIÓN E RESULTADO DA OBRA

1. Fotos da ubicación dos paneis antes da instalación




2. Fotos instalación dos paneis




3. Fotos dos paneis instalados





ANEXO 1: FOTOGRAFÍA DA PLACA PERMANENTE

Na que figura o financiamento do proxecto subvencionado pola Xunta de Galicia a través da Axencia de turismo de Galicia



ANEXO 2: INFORME ARQUEOLÓXICO FAVORABLE

Emitido polo Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xunta de Galicia (Delegación Territorial de Ourense)